



TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Teoría e práctica das técnicas dos bens pictóricos I

Departamento: Tecnoloxía e procedementos dos bens culturais

Obrigatoria da especialidade	Curso: 3º pintura	1º Cuadrimestre	4 ECTS
-------------------------------------	--------------------------	------------------------	---------------

Teórico-práctica

Profesora: Carmen Lage Veloso
carmenlageveloso@edu.xunta.gal

Horario: 4 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Teoría e práctica dos diferentes procedementos e técnicas dos bens pictóricos, para a súa aplicación na conservación e restauración. Metodoloxía e materiais. Identificación das técnicas. Coñecemento e execución dos distintos procesos de elaboración do ben cultural. Métodos de copia e reprodución.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos a a súa capacidade de xerar valores significativos

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio



COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

EP5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concerner ao pictórico.
EP10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Coñecer os distintos materiais empregados para a creación de pintura sobre tea e normativa básica como a correcta forma de aplicación, compatibilidades e diferentes usos (segundo a técnica empregada), características dos mesmos e posibilidades plásticas.
Acadar a capacidade, como consecuencia do coñecemento dos materiais constitutivos dos bens pictóricos sobre tea e as súas compatibilidades, de comprender mellor as causas que provocan a degradación das obras (aplicación pouco correcta dos materiais, técnica defectuosa, factores ambientais, etc.) e evitalas.
Coñecer as técnicas tradicionais en pintura sobre tea.
Establecer relacións con ámbito pictórico a través actividades complementarias como visitas de artistas, visitas a talleres, charlas, exposicións, etc
Acadar o coñecemento práctico de diferentes técnicas pictóricas sobre tea.
Comprender e aplicar os diferentes procedementos e técnicas construtivas en produción de pintura sobre tea.
Acadar a capacidade de coñecemento da dinámica das obras e as distintas fases de que consta o proceso de elaboración, a través de un contacto directo coas mesmas.
Comprender e aplicar a potencialidade de cada técnica.
Comprender e aplicar as normas de seguridade, hixiene, saúde e medio ambiente da actividade dun obradoiro.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Actividades	% da materia
Bloque I: Introducción		
1.1: Presentación dos parámetros metodolóxicos que organizarán os contidos teóricos e prácticos	Actividades introductorias aplicadas a cada proxecto	
1.2: Definición teórica: a pintura sobre tea. -Ferramentas tradicionais para pintar sobre tea. Medidas de seguridade na xestión de produtos tóxicos. -A tea e os bastidores. -Orixes da pintura sobre tea. -Elaboración do dossier gráfico	Preparación do obradoiro Prácticas	5,00%
Bloque II. O proceso e o proxecto		
2.1: Preparación do soporte A. NATURAIS	Prácticas	5,00%



-Magra ou à Creta -Semi-graxa ou à Media Creta -Graxa B: SINTÉTICAS -Acrílica -Vinílica		
2.2 Preparación do modelo. Bocetos. Transferencia	Prácticas	5,00%
2.3 Preparación de pigmentos	Prácticas	5,00%
Bloque III. Técnicas		
3.1 Técnicas de elaboración pictórica. 1. Temple. 2. Técnica mixta. Infrapintura. Veladuras. 3. Óleo. 4. Acrílico. Collage. Cargas.	Prácticas	60,00%
3.2. Elaboración dun dossier gráfico		20,00%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introductorias	1	0	1
Sesión maxistral	12	0	9
Resolución de problemas ou exercicios	12	20	32
Prácticas	47	0	50
Traballo autónomo	0	8	8
Total	72	28	100

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas ou exercicios.	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a propostas concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais. Desenvólvense en espazos especiais con dotación especializada (aula de debuxo).



SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Traballos e resolución de problemas e exercicios.	<ul style="list-style-type: none"> Corrección e habilidade no manexo dos materiais e fontes e no desenvolvemento ordenado e paulatino dos apartados e estudos previos. Capacidade para levar ordenadamente à práctica os preceptos técnicos e conceptuais extraídos das introducións teóricas. Amosar unha actitude responsable e autocrítica cara ao desenvolvemento do traballo. Desenvolver a sensibilidade e o criterio estético. Utilizar adecuadamente a terminoloxía técnica específica. Calidade e rigor técnico na presentación dos traballos. Puntualidade e pulcritude na entrega. Identificar e diferenciar as técnicas mais significativas ó longo da historia Adecuación técnica. 	80,00%
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula-taller	<ul style="list-style-type: none"> Interese. Coherencia e compromiso co proxecto. Capacidade de organización, anticipación e reacción para solucionar problemas. Adquisición progresiva de autonomía na resolución dos mesmos. Orden e pulcritude. 	20%

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

SISTEMAS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

A. Avaliación Ordinaria

- Exercicios propostos e realizados na aula – 100%
- Exercicio teórico-práctico - 20% (en caso de non acadar nota media de 5 nas UD)

B. Avaliación Extraordinaria

- Exercicio/s práctico/s onde se avalían determinados contidos da disciplina - 80%
- Exercicio/s teórico/s onde se avalían determinados contidos da disciplina - 20%

Todos os estudantes terán dereito a dúas convocatorias: ordinaria e extraordinaria. As datas de realización serán sinaladas pola Escola no calendario oficial do curso que se poderá consultar na páxina en rede.



Para aqueles estudantes que non asisten regularmente ás clases, a cualificación das probas escritas (teóricas ou prácticas) da convocatoria ordinaria será o 100% da nota final da disciplina.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso a través de titorías presenciais e a través do correo electrónico.

Utilizaráse a plataforma MOODLE para proporcionar ao alumnado os exercicios a desenvolver e os textos e a bibliografía en pdf imprescindible (seleccionada entre a bibliografía básica ou equivalente) para un correcto seguimento da asignatura.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Alberti, L. B. 2007. *De la pintura y otros escritos sobre arte*. Madrid, Tecnos (p. 206).
- Bruquetas, Rocío. *Técnicas y materiales de la pintura española de los siglos de oro*, Fundación de Apoyo a la Historia del Arte Hispánico, Madrid, 2005
- Cennini, C. 2006. *El libro del arte*. Madrid, Akal (p. 264).
- Corrado Maltese, E. (coord.) 2006. *Las técnicas artísticas*. Madrid, Cátedra.
- Da Vinci, L. 2010. *Tratado de pintura*. Madrid, Akal (p. 508).
- Doerner, M. 1989. *Los materiales de pintura y su empleo en el arte*. Barcelona, Reverte (p. 351).
- Domínguez Ortiz, A., Pérez Sánchez, A. E. e Gallego, J. 1990. *Velázquez*. Madrid, Ministerio de Cultura (p. 467).
- Guasch, G. e Asunción, J. 2008. *Óleo*. Badalona, Parramón (p. 121).
- Hiscox, G. D. e Hopkins, A. A. 2016. *Recetario industrial. Libro de consulta para todos los oficios, artes e industrias*. Barcelona, Gustavo Gili.
- Krung, M. 2008. *Manual para el artista. Medios y técnicas*. Barcelona, Blume (p. 256).
- Mayer, R. 2005. *Materiales y técnicas del arte*. Barcelona, Tursten – Blume.
- Smith, R. 1991. *El manual del artista*. Barcelona, Blume (p. 352).
- VV. AA. 2006. *Conceptos fundamentales del lenguaje escultórico*. Madrid, Akal.
- Villarquide Jevenois, Ana. *La pintura sobre tela*. Vol. 1.: *Historiografía, técnicas y materiales*. Nerea, San Sebastián, 2004
- Villarquide Jevenois, Ana. *La pintura sobre tela*. Vol. 2.: *Historiografía, técnicas y materiales*. Nerea, San Sebastián, 2016

OBSERVACIONES

- A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia, e con parte da bibliografía recomendada.
- Durante o curso proporcionaráselle ao alumnado material bibliográfico específico. No caso de interrupción da presencialidade o devandito material servirá de guía para o seguimento da asignatura. A plataforma MOODLE, o correo electrónico e o sistema WEBEX para a realización das clases on line serán os instrumentos empregados neste suposto.